



**Ana María Cacharrón Castelos, secretaria xeral do Concello de Bergondo (A Coruña)**

**CERTIFICO:** Que, con data xoves 26 de xaneiro de 2023, o Pleno do Concello de Bergondo, en sesión Ordinaria, adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe literalmente:

## **2. RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE Á FUNCIONARIA MUNICIPAL DONA MARÍA PARDO FAFIÁN PARA O DESEMPEÑO DO SEU POSTO DE FUNCIONARIA MUNICIPAL CO DE CONCELLEIRA EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

### **EXPEDIENTE\_2023/E005/000002**

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2023, coa emenda engadida pola alcaldía, que transcrita literalmente di:

*“Logo de ver que, por Resolución da alcaldía núm. 1341/2022, do 24 de novembro, resolveuse: “Segundo. En aras ao principio de economía procedimental, interpretando que a recurrente reitera a súa solicitude, agora xa correcta, de pase á situación de servizos especiais e documenta o cambio de situación invocado, en aplicación do disposto no artigo 6.1 do Real decreto 365/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas de los Funcionarios Civiles de la Administración General del Estado, verificado o suposto que a ocasiona coa certificación de secretaría achegada, procede declarar o pase da recurrente á situación de servizos especiais, con efectos dende o momento no que se produxo, que é o 18 de novembro de 2022, procedendo a dar traslado do acordo á interesada e aos servizos económicos municipais para a súa baixa na Seguridade Social e en nómina, con efectos da data indicada...”*

*Logo de ver o escrito de dona María Pardo Fafián de data 20.12.2022, e con número de rexistro de entrada 202299900004191 no que se indica, entre outros, que:*

*“... Que o pasado día 18 de novembro solicitei o pase a Servizos Especiais por mor da aceptación do cargo de Concelleira delegada en réxime de dedicación exclusiva no Concello de Sada.*

*Que o pasado día 24 de novembro se me notificou a resolución de alcaldía núm. 1341/2022 na que se declara o pase a Servizos Especiais con efectos dende o 18 de novembro.*

*Que o vindeiro día 29 de decembro o meu réxime de adicación mudará.*

*Que pretendo reincorporarme ao servizo activo con data 30 de decembro de 2022.(...)*

*Por todo o anterior, SOLICITO:*

*Se teña por presentado este escrito e se realicen os trámites precisos para que se faga efectiva a miña reincorporación ao servizo activo o vindeiro 30 de decembro a tódolos efectos.(...)”*

*Posteriormente, con data 30 de decembro de 2022, con núm. de rexistro de entrada 202299900004289, completa a súa solicitude anterior, indicando que: “... O pasado día 20 de decembro en escrito rexistrado de entrada co número 202299900004191 solicitei a miña reincorporación ao posto que desempeño no Concello de Bergondo como funcionaria de carreira no departamento de Rexistro dende o día de hoxe. Días máis tarde recibín un correo electrónico da Alcaldesa no que se indicaba que debería achegar o acordo plenario do Concello de Sada que respondín dicindo que o Pleno se celebraría o día 29 e achegaría o certificado do acordo no momento en que o tivese á miña disposición. Achego os certificados requiridos...”, achegando certificacións do Pleno do Concello de Sada, no que se recolle o acordo plenario de modificación do réxime de dedicación exclusiva a dedicación parcial, da Concellaría delegada dos servizos de Facenda, Contratación e Seguridade Cidadá e por outra banda, o acordo de autorización de compatibilidade á solicitante do exercicio*



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

dese cargo en réxime de dedicación parcial, coas actividades públicas do seu posto de funcionaria de carreira do Concello de Bergondo.

Logo de ver que por Resolución núm. 2/2023, do 02 de xaneiro de 2023, resolveuse: “**PRIMEIRO.-** Decretar o reingreso ao servizo activo da funcionaria municipal do Concello de Bergondo, María Pardo Fafián, con DNI 32828010H, con efectos do 30 de decembro de 2022, ao posto de Oficial administrativo auxiliar da Unidade de Rexistro, Arquivo e Atención ao público do Concello de Bergondo, que ven desenvolvendo nesta Corporación.

**SEGUNDO.** Coa mesma data de efectos, dar de alta á mencionada funcionaria na Seguridade Social e proceder ao abono de retribucións correspondentes.

**TERCEIRO.** Elevar ao Pleno do concello na vindeira sesión que celebre, a declaración sobre compatibilidade que corresponda, consonte coa regulación contida na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

**CUARTO.** Dar traslado do presente acordo aos servizos administrativos económicos e de persoal e á interesada para os efectos oportunos, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como lugar e prazo para interpoñelos”

Logo de ver a solicitude de compatibilidade efectuada pola funcionaria mediante escrito con núm. de rexistro de entrada 202399900000166.

Considerando a nova situación da funcionaria pública municipal María Pardo Fafián, e en canto á dedicación parcial, que tanto o art. 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como o artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ambos na redacción dada pola Lei 14/2000, de 29 de decembro, permiten compatibilizar o desempeño do cargo electivo co que teñan como funcionario, sempre que o cargo electivo se realice fora da xornada normal no posto principal (funcionaria) e sen que poida impedir o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometer a súa imparcialidade ou independencia; ao estar diante do desempeño de dous cargos no sector público, é dicir, comprendidas nas actividades públicas a que se refire o Capítulo II da Lei 53/1984, (arts. 3 a 10) é de aplicación o artigo 3.1, que no seu segundo párrafo establece que para o desempeño dunha segunda actividade <<...Para o exercicio da segunda actividade será indispensable a **previa e expresa autorización de compatibilidade**, que non suporá modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e que se condiciona ao seu estrito cumprimento en ambos...>>; polo que o exercicio do citado cargo, non poderá, en ningún caso, afectar á xornada ordinaria de traballo no Concello de Bergondo da solicitante, condicionada, en todo caso, ao estrito cumprimento da devandita xornada.

Considerando que a xornada ordinaria de traballo presencial (non así a xornada de mañá dos xoves e venres e tarde dos luns, en traballo a distancia) que viña realizando antes do seu pase á situación de servizos especiais a funcionaria peticionaria non se adaptaba á Regulación contida no Acordo regulador das condicións de traballo dos persoal funcionario do Concello de Bergondo (BOP núm. 211 do 05.11.20210) e o acordo interpretativo recollido na acta da Mesa xeral de negociación do 13 de maio de 2016, recollido no Anexo I, horario de inverno do persoal administrativo, permitido por esta alcaldía ao entender erroneamente, que lle resultaba de aplicación a flexibilidade horaria contida no artigo 52.6 do citado acordo regulador, cando non lle correspondía; polo que deberá desempeñalo de luns a mércores de 9:00 a 15:00 horas, e a xornada de tarde do luns, en horario de 15:15 a 19:15 horas.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

*A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, corresponde ao Pleno da Corporación.*

*Acreditada perante este concello a súa condición de concelleira do Concello de Sada e contido nos acordos achegados mediante escrito do 30.12.2022, o horario que desempeñará na súa condición de cargo electo con réxime de adicación parcial, de martes a venres de 15:00 a 22:00 e sábados de 15:00 a 21:00 horas, así como as súas retribucións no devandito concello, que serán de 25.200 euros anuais, que se farán efectivos en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.*

*Considerando que o citado acordo corresponde adoptalo ao Pleno do Concello, segundo se indica no artigo 9 da Lei 53/1984, e artigo 50.9 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, previa comunicación por parte do Concello de Sada dos datos referidos no artigo 5.2 da devandita Lei.*

*En relación á excepción regulada no artigo 5.1.b) da Lei 53/1984, o artigo 5.2 establece: "2. En los supuestos comprendidos en este artículo sólo podrá percibirse la retribución correspondiente a una de las dos actividades, sin perjuicio de las dietas, indemnizaciones o asistencias que correspondan por la otra. No obstante, en los supuestos de miembros de las Corporaciones locales en la situación de dedicación parcial a que hace referencia el artículo 75.2 da la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, se podrán percibir retribuciones por tal dedicación, **siempre que la desempeñen fuera de su jornada de trabajo en la Administración, y sin superar en ningún caso los límites que con carácter general se establezcan, en su caso.** La Administración en la que preste sus servicios un miembro de una Corporación local en régimen de dedicación parcial y esta última deberán comunicarse recíprocamente su jornada en cada una de ellas y las retribuciones que perciban, así como cualquier modificación que se produzca en ellas."*

*Logo de ver o escrito presentado por Xosé Fernando Fariña Andrade, voceiro do grupo municipal de Sadamaioría no Concello de Sada, con núm. rexistro de entrada 202399900000245 do 26.01.2023, polo que achega o informe (JPB020/2023) emitido no día de hoxe polos servizos de Intervención referido á adecuación legal da proposta de acordo de compatibilidade e novo réxime de dedicación e retributivo da concelleira dona María Pardo Fafián ao artigo 7º da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, para súa toma en consideración no punto a debater sobre a compatibilidade da citada concelleira no pleno ordinario a celebrar no día de hoxe polo Concello de Bergondo; a alcaldía-presidencia remitiu escrito ao Concello de Sada, no día de hoxe, con núm. de rexistro de saída 202390000000067, informándolles dos aspectos requiridos no artigo 5.2 da Lei 53/1984, horario e retribucións, e para os efectos da aplicación dos límites referidos no artigo 7 da citada Lei 53/1984, de 26 de decembro.*

*Polo tanto, o desempeño de tal dedicación será fora da xornada de traballo neste concello, dentro da sinalada como xornada de traballo no concello de Sada (publicada no BOP núm. 19 do 27.01.2017), como indica o artigo 5.1.b) da Lei 53/1984. Ao non poder afectar á xornada normal de traballo neste concello, só se considerarán xustificadas as ausencias polo tempo imprescindible ás asistencias ás sesións dos órganos colexiados necesarios dos que forme parte como concelleira do Concello de Sada, para o que deberá xustificar, mediante certificación da Secretaría do concello, a convocatoria da sesión, a asistencia á mesma, e a hora de comenzo e de remate das devanditas sesións. De producirse algún cambio deberá comunicalo de inmediato, incurrindo en responsabilidade de non facelo así.*



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

*Polo tanto, vista a lexislación aplicable, **proponse ao Pleno, a adopción do seguinte acordo:***

**Primeiro.** *Recoñecer a dona María Pardo Fafián, funcionaria do Concello de Bergondo, a compatibilidade para o desempeño do cargo de concelleira en réxime de dedicación parcial do Concello de Sada, con expresa advertencia de que para o exercicio do citado cargo, deberá desempeñar tal dedicación fora da xornada de traballo no Concello de Bergondo posto principal da solicitante, que será en xornada presencial de luns a mércores de 9:00 a 15:00 horas; e en xornada de traballo a distancia, xoves e venres de 8:30 a 15:00 horas, e a tarde dos luns, de 15:15 a 19:15 horas, cumprindo o disposto no Acordo regulador das condicións de traballo dos persoal funcionario do Concello de Bergondo (BOP núm. 211 do 05.11.2010) e o acordo interpretativo recollido na acta da Mesa xeral de negociación do 13 de maio de 2016.*

**Segundo:** *O salario bruto anual previsto da funcionaria municipal ascende a 23.671,14 euros, en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.*

**Terceiro.** *Dito recoñecemento de compatibilidade queda condicionado a que as respectivas actividades no Concello de Sada se desenvolvan en todo momento en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao seu posto de funcionaria de carreira do Concello de Bergondo, fora da xornada normal do seu posto principal e sen que poida impedir o estrito cumprimento dos seus deberes como funcionaria pública municipal.*

*A estes efectos só se considerarán xustificadas as ausencias polo tempo imprescindible ás asistencias ás sesións dos órganos colexiados necesarios dos que forme parte como concelleira do Concello de Sada, para o que deberá xustificar, mediante certificación da Secretaría do concello, a convocatoria da sesión, a súa asistencia e a hora de comenzo e de remate das devanditas sesións.*

**Cuarto.** *Dar traslado do presente acordo ao Concello de Sada, para os efectos previstos no artigo 5.2 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e á funcionaria municipal.*

**Quinto.** *Proceder á súa publicación nos termos requiridos na lexislación de transparencia.*

*Bergondo, 26 xaneiro de 2023*

*A alcaldesa, Alejandra Pérez Máquez.”*

...\\...

*Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame emendado a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: un (1) voto en contra; grupo mixto: un (1) voto en contra. Total sete (7) votos a favor e dous (2) votos en contra.*

*En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase aprobado, por maioría de votos a favor o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.*

*E para que conste, expido a presente certificación, coa salvidade do artigo 206 do R.d. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por orde e co visto e prace da alcaldesa.*



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Concello de Bergondo, o venres 27 de xaneiro de 2023.

**A secretaria**

Ana María Cacharrón Castelos

**Vº. Prace. A alcaldesa**

Alejandra Pérez Máquez